

PLAN DIXITAL

IES A Guía

[Xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro: IES A Guía

Enderezo: Avda. Dona Fermina s/n, 36207, VIGO

Enderezo electrónico: iesaguia@edu.xunta.gal

Web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/>

Oferta educativa:

- ESO
- *Bacharelato (Ciencia e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais)*
- *Ciclos formativos*
 - *Grao Básico de Servizos Comerciais*
 - *Grao Medio de Actividades Comerciais*
 - *Grao Medio de Comercialización de produtos alimentarios (Dual)*
 - *Grao Superior en Acondicionamento Físico*
 - *Grao Superior de Comercio Internacional*
 - *Grao Superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais (Ord., Dual e Distancia)*
 - *Grao Superior en Márketing e Publicidade*
 - *Grao Superior de Transporte e Loxística (Persoas adultas)*

Na actualidade o centro conta con 65 membros de persoal docente e unha matrícula de 613 alumnos e alumnas pertencentes aos distintas modalidades de estudos. Tamén conta con persoal non docente, formado por 2 persoas administrativas, 3 subalternas e 3 do servizo de limpeza.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES A Guía atópase no barrio de Teis, na periferia de Vigo. O barrio está composto maioritariamente por familias traballadoras con ingresos por debaixo da media. O alumnado da ESO que accede ao centro faino maioritariamente por proximidade ao domicilio (centros adscritos) ou por ser desprazado doutro centro. En Bacharelato, pola contra, contamos con máis variedade: continuidade dos estudos de secundaria de alumnos/as do propio centro, de centros privados ou ben doutros públicos. No caso da formación profesional o alumnado é moi amplo e heteroxéneo, dependendo da etapa educativa, achegándose moito ao doutros concellos con menor oferta educativa. Pódese concluír que hai unha grande heteroxeneidade e diversidade sendo maioritariamente urbano.

Neste contexto, o Plan Dixital pretende contribuír ao proxecto educativo de centro dunha maneira transversal e integradora fornecendo de ferramentas a toda comunidade educativa garantindo así un proceso de aprendizaxe inserida neste marco

de innovación e dixitalización que se está a producir na sociedade. Para iso o Plan dixital concíbese como un documento aberto e nun proceso de mellora continua que sirva de folla de ruta. Pretende detectar as necesidades de formación do profesorado e do alumnado no ámbito das tecnoloxías dixitais coa finalidade de acadar os obxectivos que se establezan no Proxecto Educativo (en revisión na actualidade por terse quedado anticuado para os tempos que corren).

Por outra banda, o Plan Dixital debe contribuír á coordinación daqueles plans relacionados coas tecnoloxías que o centro solicite, fomentando a colaboración e a interdisciplinaridade e xerándose así sinerxías que permitan un uso óptimo e racional dos recursos.

Pola súa parte a Programación Xeral Anual do curso 22/23 deberá incorporar os obxectivos marcados no Plan Dixital e que se desenvolven a través dos plans de acción.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Como se recolle na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa.

Así mesmo, na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022 e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022, recóllese que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Todo isto en liña coas orientacións establecidas no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), perseguindo a transformación dixital dos centros educativos coa finalidade de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste plan dixital formouse un equipo de traballo e dinamización con profesorado do centro e do equipo directivo. Este equipo estivo orientado, en todo momento, polos “asesores dixitais”, dentro da Rede Galega de Educación Dixital promovida pola Consellería. Así mesmo, solicitouse un Plan de Formación do Profesorado con formación específica do CFR para elaboración e redacción final do documento.

O plan dixital foi deseñado conxuntamente polo grupo de traballo en diferentes fases: diagnose, análise de situación, establecemento de obxectivos, elaboración de plans de acción e, finalmente, redacción do plan. Este proceso non sería posible sen a colaboración e implicación de todo o claustro, principalmente, na fase de diagnose que serviu como punto de partida necesario para a elaboración do documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Na actualidade o IES A Guía conta cos seguintes recursos tecnolóxicos que podemos agrupar en tres bloques:

- **Infraestrutura dixital:** condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do labor no centro educativo:
 - *Infraestrutura de datos:* tendo conexión a internet en todo o centro a través do provedor de servizos da Consellería de Educación cunha capacidade de 1000 Mb é unha liña privada con Vodafone.
 - *Infraestrutura de voz (telefonía):* Contamos cun servizo de Voz IP a través do provedor da Consellería de Educación nas áreas de conserxería, administración e despachos do equipo directivo, sala de profesorado e nunha aula.
 - *Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede:* todas as aulas contan con conexións cableadas, aínda que en moitos casos bastante deteriorada. Tamén contan con conexión sen fíos con capacidade suficiente.
- **Equipamento:** actualmente contamos cos seguintes dispositivos tecnolóxicos dispoñibles para o desenvolvemento das funcións docentes: computadores para alumnado e profesorado, pantallas dixitais, e proxectores. Os usos deste equipamento son:
 - No proxecto E-Dixgal dispomos de 7 aulas dende 1º da ESO ate 4º da ESO equipadas cun total de 125 a equipos para alumnado (máis 6 de reserva) e 25 para o profesorado. Cada aula está dotada con equipo para profesorado, proxector e encerado dixital.
 - As aulas de Bacharelato dispoñen de equipo unicamente para o profesorado (4 en total), proxector e encerado dixital.

- Das aulas destinadas á familia de Comercio e Márketing, 8 contan con equipamento suficiente (180 equipos) se ben non é novo. A aula de 1º do Ciclo Básico de Servizos Comerciais é a única que non está dotada informaticamente. Todas estas aulas dispoñen ademais dun equipo para profesorado e proxector. So dúas dispoñen de un encerado dixital
 - Das tres aulas do ciclo de Actividades Físicas dúas están parcialmente dotadas con equipamento portátil (25 equipos en total), proxector e equipo para o profesorado. A terceira aula só conta co equipo do profesorado.
 - Os equipos de xestión e administración están distribuídos 1 na conserxería, 2 en administración e 4 nos despachos do equipo directivo.
 - A Biblioteca conta cun equipo para a xestión e 2 postos para uso do alumnado.
 - Dentro das aulas específicas, a de tecnoloxía conta con 5 equipos máis un para o profesorado. O laboratorio de Física e Química, o de Bioloxía, a aula de Debuxo e a aula de Música contan unicamente con equipo para o profesorado e proxector.
 - As dúas aulas de informática contan con 17 e 18 postos con equipos, en xeral, bastante anticuados e con memoria RAM insuficiente para as necesidades do profesorado.
 - A sala de profesorado conta con 3 postos e 20 distribuídos polos distintos departamentos.
- **Servizos dixitais educativos:** dentro dos servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente contamos con:
 - Páxina web do centro
 - Aula virtual
 - E-Dixgal
 - Espazo Abalar

Contamos tamén cun espazo onde temos uns 30 equipos novos por colocar e 15 deles son para as aulas do Ciclo de Actividades Físicas. Tamén temos 15 equipos para reducir a fenda dixital. Neste espazo está situado o servidor, o router e unha parte das conexións de cableado, a outra parte está nun espazo que, actualmente, ocupa o Departamento de Galego. Para a xestión do mantemento do equipamento do centro contamos cunha coordinación TIC e colaboración da empresa externa *Enrede Tecnoloxía Libre*.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Baseada no marco da Comisión Europea para organizacións educativas dixitalmente competentes (Dig CompOrg), a ferramenta de auto-reflexión SELFIE axuda a poñer de relevo que é o que funciona, en que aspectos se necesita mellorar e cales deberían ser as prioridades do centro en relación ao uso de tecnoloxías dixitais. A táboa 1 amosa os resultados obtidos para o IES A Guía desagregados por etapa educativa e grupo da comunidade do centro.

Táboa 1. Resultados da autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3	3,4	3,3
	Profesorado	3,4	3	2,7
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3	3,2	3,8
	Profesorado	3,3	2,8	2,7
	Alumnado	3	2,6	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,1	3,8	4
	Profesorado	3,6	3,4	3,1
	Alumnado	3,8	2,7	3,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	4,3	4,1
	Profesorado	3,7	4,4	2,9
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,3	4,1	4,6
	Profesorado	4,3	4,3	3,8
	Alumnado	4	4	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7	3,4	3,8
	Profesorado	3,9	3,7	3,5
	Alumnado	3,1	3	3,5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,4	3,1	3,4
	Profesorado	3,2	3,1	3
	Alumnado	2,9	2,5	3,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5	3,1	3,8
	Profesorado	3,4	3,2	3,2
	Alumnado	3,3	3	3,1

Test CDD: O test de competencia dixital docente (Test-CDD), baseado no marco Dig CompEdu, permite obter un Informe Individual coa valoración global do nivel competencial (A1-C2), polas áreas deste marco europeo. Este informe permite planificar unha información persoal para avanzar nas competencias dixitais do profesorado. As seguintes táboas recollen a información grupal obtida polos docentes que participaron no test o presente curso.

Táboa 2. Participación no test CDD segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>29</u>	<u>44</u>	<u>65,9%</u>
PROVISIONAL	<u>9</u>	<u>11</u>	<u>81,8%</u>
INTERINO	<u>7</u>	<u>9</u>	<u>77,8%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>7</u>	<u>14,3%</u>
OUTRO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

Táboa 3. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>71,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Táboa 4. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>73,4</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>	<u>79,2</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>
BAC	<u>72,3</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>	<u>77,9</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>
F.P	<u>71,4</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>	<u>80,3</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>

Táboa 5. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1 (Novato/a)	<u>0</u>	<u>0%</u>
A2 (Explorador/a)	<u>21</u>	<u>44,7%</u>
B1 (Integrador/a)	<u>18</u>	<u>38,3%</u>
B2 (Experto/a)	<u>8</u>	<u>17%</u>
C1 (Líder)	<u>0</u>	<u>0%</u>
C2 (Pioneiro/a)	<u>0</u>	<u>0%</u>
TOTAL	<u>47</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Na táboa 6 pódese ver o DAFO actual quedando aberto a futuras modificacións.

Táboa 6. Análise DAFO do IES A Guía

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Infraestrutura dixital suficiente que apoia a aprendizaxe - Existen dispositivos dixitais que favorecen o ensino. - Existen dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> - Espazos físicos non adecuados para o ensino con ferramentas dixitais - Falta de tecnoloxías asistenciais para o alumnado con necesidades especiais - Falta de equipos móbiles que se adapten aos espazos.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Busca de recursos educativos dixitais en liña - Uso de tecnoloxías para a comunicación relativa ao centro - Emprego de recursos educativos abertos - Reflexión sobre as necesidades de DPC relacionado coas tecnoloxías dixitais 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de tempo para explorar o ensino dixital - Emprego de tics para que o alumnado faga observacións sobre compañeiros - Valoración das habilidades que o alumnado desenvolve fóra do centro - Emprego de tecnoloxías para a reflexión do alumnado
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de recursos dixitais en liña 	<ul style="list-style-type: none"> - Axudas para o intercambio de experiencias sobre o ensino con tecnoloxías dixitais
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Existencia de dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado - Existencia de portátiles a disposición do alumnado para levar a casa 	<ul style="list-style-type: none"> - Aprendizaxe de programación ou codificación por parte do alumnado - A aprendizaxe do alumnado a resolver problemas técnicos. - A posibilidade de traer o propio dispositivo por parte do alumnado
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Preocupación e implicación no desenvolvemento da aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de participar aportando dispositivos propios - Formación no uso de ferramentas dixitais

	OFERTA	- Oferta de ciclos de FP que precisan ferramentas e competencias dixitais	- Necesidade dunha maior dotación de medios e orzamento.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- Desenvolvemento de habilidades dixitais no alumnado en diferentes materias	- Ausencia de estratexia dixital de centro - Escaseza de tempo para mellorar a ensinanza con dispositivos dixitais - Falta de colaboración con outras entidades para apoiar o uso de tecnoloxías - Posibilidade de que o alumnado traia o propio dispositivo - Acceso a tecnoloxías asistenciais para alumnado con necesidades especiais

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Capacidade de inversión para proporcionar dispositivos dixitais para o centro	- Alto grao de dependencia para a dotación de infraestruturas e espazos - Falta de persoal cualificado a tempo completo para resolver as incidencias informáticas do día a día no centro educativo
	LEXISLACIÓN	- Incentivo para a mellora continua	- Lenta adaptación ás demandas da sociedade tecnolóxica en todas as etapas - Resposta lenta e ineficiente ás demandas do ensino profesional
	CONTORNA		- Problemas na identificación da fractura dixital ente o alumnado - Dificultades para responder ante fractura dixital
	ANPA	- Sinerxías que faciliten a implicación das familias na aprendizaxe con tecnoloxías	
	OUTRAS ENTIDADES	- Colaboracións con outros centros de ensino e entidades privadas	- Falta de sinerxías e colaboracións que favorezan o uso de tecnoloxías

3. Plan de Acción

Unha vez analizada a situación de partida cómpre definir o horizonte do centro establecendo as áreas prioritarias nas que intervir e deseñar plans de acción para acadar os obxectivos establecidos. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg que estruturaban a súa vez o SELFIE. Estes plans de acción estarán sometidos a necesidades ou propostas de mellora en cada curso escolar pero deberán ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital (recursos que están en constante evolución).

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

En todas as áreas do marco DigCompOrg precísanse actuacións para o noso centro educativo como se desprende da análise SELFIE. Co fin de definir obxectivos realistas e alcanzables establécense unhas áreas prioritarias nas que poñer o foco de atención nunha primeira etapa.

Os obxectivos pretenden ir na liña de mellorar a estratexia dixital do centro implicando a toda a comunidade educativa así como mellorar as competencias do persoal docente e do alumnado. Estes obxectivos, específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, serán revisados cada curso nun proceso de mellora continua. As áreas prioritarias serán as seguintes:

- **Liderado:** coa obxectivo de mellorar a estratexia dixital a través da elaboración e seguimento do plan dixital.

- **Competencias dixitais do alumnado:** a finalidade é a mellora do seu desenvolvemento no entorno dixital.
- **Infraestrutura equipamento:** coa idea de garantir a toda a comunidade o acceso aos recursos necesarios para o proceso de ensino aprendizaxe
- **Desenvolvemento Profesional Continuo:** co obxectivo de acadar unha mellor competencia no uso das ferramentas dixitais corporativas dispoñíbeis.
- **Colaboración e redes:** nun primeiro momento centrados na mellora da comunicación e colaboración dentro da comunidade educativa para no futuro establecer colaboración con outras entidades.

As seguintes táboas recollen esta información máis detallada establecéndose a onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada. Inclúense tamén as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, a temporalización e os recursos necesarios. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Área/s de mellora: Liderado							
OBXECTIVO 1: (1)	Seguimento e mellora do Plan Dixital					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo/Equipo TICS					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	- Plans de acción realizados/- Plans de acción propostos						
Valor de partida: (3)	- 0/- 6						
Valor previsto e data: (4)	- 6/- 6				Xuño 2023 (Final do curso)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Presentación do equipo no claustro principio de curso. Designación de coordinación	Equipo directivo	Setembro 2022	-		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Reunión do equipo dixital valoración necesidades formativas. Continuar co PFPP	Coordinación equipo TIC	Setembro 2022	Formularios		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Seguimento e valoración dos plans de acción propostos para o curso	Equipo TIC	maio 2023	Formularios e AV Moodle		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Propostas de plan de acción para o vindeiro curso no proceso de mellora continua	Equipo TIC	10 xuño 2023	Formularios e AV Moodle		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 2: (1)	Emprego correcto e responsable de ferramentas dixitais necesarias no proceso de aprendizaxe do alumnado				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo, Equipo TICs e Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	- Emprego responsable do correo - Uso correcto E-DIXGAL/AV					
Valor de partida: (3)	- Nivel inicial do alumnado					
Valor previsto e data: (4)	- 95% do alumnado emprega correctamente o correo - 95% do alumnado desenvólvese perfectamente na AV e co Edixgal			Xuño (final de curso)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Definir profesorado responsable en cada curso. Formar e apoiar ao profesorado que o precise no emprego correcto destas ferramentas.	Coordinador/a TIC e/ou E-DIXGAL	Outubro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formar ao alumnado en boas prácticas no uso destas ferramentas.	Profesorado encargado	maio 2023	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Avaliación dos resultados da formación	Profesorado/ Coordinación TIC	xuño 2023	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes							
OBXECTIVO 3: (1)	Mellora na comunicación entre a comunidade educativa					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo/ Equipo TICs					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Protocolo de recepción novo alumnado Abalar Móbil. Tanto % do profesorado que use Abalar para as titorías. Tanto % do profesorado que emprega Abalar Pro						
Valor de partida: (3)	80% de familias que usan Abalar Móbil. 50 % do profesorado que use Abalar para as titorías. 0 % do profesorado que emprega Abalar Pro						
Valor previsto e data: (4)	Protocolo de recepción novo alumnado/familias. 95 % de familias que usan Abalar Móbil. 75 % do profesorado que use Abalar para as titorías. 60 % do profesorado que emprega Abalar Pro				Xuño (final de curso)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Creación dun grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o espazo Abalar e as súas ferramentas.	Equipo directivo/Equipo TIC	10 setembro	AV Moodle		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO3.2 Realización dun borrador para uso de tecnoloxías na comunicación co alumnado e familias (Abalar/Edixgal/Correo electrónico)	Grupo de traballo	setembro	AV Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Reunión coas familias e implementación do borrador para uso do Abalar Móbil e correo correctamente	Equipo directivo/Grupo de traballo	setembro	Abalar/ Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4 Fomentar a titorización entre iguais para formar ao profesorado no uso de Abalar/Abalar Pro.	Profesorado do grupo de traballo	decembro	Abalar/ Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Potenciar o uso de Abalar/Abalar Pro mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas Titoras	xuño 2023	Abalar/ AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.6: Detección de erros e propostas de solucións (formación específica/escola de pais e nais)	Equipo TIC	Segundo e terceiro trimestre	Abalar/ AV Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.7: Introducción de melloras e elaboración do protocolo de uso de tecnoloxías para comunicación coas familias de nova incorporación	Equipo directivo/Equipo TIC	xuño	Abalar/ AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 4: (1)	Mellorar a xestión na proceso de ensino aprendizaxe empregando ferramentas corporativas poñendo o foco na protección de datos				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo. Coordinador do PFPP (en colaboración co CFR).				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Nivel de coñecemento do profesorado					
Valor de partida: (3)	- Nivel inicial de coñecemento acreditado					
Valor previsto e data: (4)	- Nivel final de coñecemento acreditado					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reunión inicial do claustro e Equipo Directivo para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente no que atinxe á protección de datos	Equipo directivo	setembro 2022	Formulario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Preinscrición nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado	Equipo directivo/ Coordinador PFPP	outubro 2022	FProfe e formularios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Inscripción oficial na liña do PFPP.	Equipo directivo/ Coordinador PFPP	outubro 2022	FProfe e formularios		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO4.4: Contacto co CFR para buscar relatores que se adecúen ás necesidades detectadas.	Coordinador PFPP	marzo 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.5: Realización do PFPP e valoración final deste ao seu remate co fin de planear melloras para o vindeiro curso.	Claustro	xuño 2023	Relatores e materiais necesarios (aplicacións, etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.6: Realización dun Test para comprobar se houbo mellora na competencia dixital do profesorado tras a realización do PFPP.	Claustro	xuño 2023	F Profe e formularios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 5: (1)	Garantir que o alumnado dispoña das ferramentas e competencias dixitais necesarias para solicitude de acceso e matrícula na educación universitaria				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo, Equipo TICs e titorías				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento dos sistemas de identificación electrónica. - Alta nalgún dos sistemas de identificación electrónica necesarios para a realización de xestións administrativas 					
Valor de partida: (3)	- Nivel inicial do alumnado					
Valor previsto e data: (4)	- 100% do alumnado de 2º de Bacharelato e 2º de ciclos formativos			Maio/Marzo de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Formar e apoiar o alumnado no emprego das ferramentas máis habituais de identificación electrónica (certificado dixital, DNI e, clave permanente)	Coordinador/a TIC e/ou titor ou titora dos grupos	marzo 2023	Computador e dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Fomentar que o alumnado estea dado de alta nalgún dos sistemas para que isto non supoña un obstáculo no seu desenvolvemento persoal	Coordinador/a TIC e/ou titor ou titora dos grupos	marzo 2023 (ciclos) Maio 2023 (Bach)	Computador e dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 6: (1)	Redución da fenda dixital entre o alumnado. Atención prioritaria alumnado de nova incorporación (1º ESO, 1º FPB, 1º de Bacharelato)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo/Equipo TICs/Orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	- Disponibilidade de equipo informático - Disponibilidade de datos					
Valor de partida: (3)	- nº de alumnos/as que precisa equipo informático e rede para o desenvolvemento das súas competencias					
Valor previsto e data: (4)	100% do alumnado dispón do equipo necesario para o correcto desenvolvemento de competencias			Xuño 2023 (Final do curso)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Reunión cos titores	Equipo directivo/equipo TIC/Orientación	setembro 2022	-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Detección de necesidades	Equipo directivo/Titorías e Orientación	setembro 2022	Formularios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Actuacións nos casos detectados	Equipo TIC	outubro 2023	Equipos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O IES de A Guia é un centro bastante anticuado que precisa melloras tecnolóxicas en moitos aspectos para as necesidades actuais nun contexto de dixitalización. Dentro dos recursos cos que contamos na actualidade precisamos melloras nos tres ámbitos:

- **Infraestrutura dixital:** A falta de mobiliario axeitado para a dixitalización das aulas, mobiliario dunha época onde non se empregaban computadores, obriga a unha infraestrutura de cableado moi por debaixo do que sería o óptimo. Existen cables por todos os sitios e canlóns para cables con tomas de rede completamente deterioradas. Esta infraestrutura que en capacidade de datos non está mal fai que as aulas sexan un lugar aprendizaxe con moito percorrido de mellora.
- **Equipamento:** Se ben o centro conta con múltiples equipos informáticos, uns 300 máis os equipos de E-DIXGAL, hai unha grande porcentaxe que está obsoleta precisándose unha renovación constante. Actualmente as renovacións están sendo parciais en partidas pequenas de computadores que dentro do volume do centro é claramente insuficiente.
O centro non conta con tableiros dixitais en todas as aulas proxectándose sobre lonas nun estado moi deteriorado. Moitos dos proxectores están obsoletos e carecen de repostos. Tampouco dispoñemos de dispositivos móbiles con armarios de carga, con excepción de aulas E-DIXGAL
- , que permitan unha maior flexibilidade no uso dos espazos na aula. Isto resulta importante nun centro cunha oferta formativa diversa que vai dende a ESO ate o Ciclo de Márketing e Publicidade. Neste senso o ensino de ciclos formativos tan dependentes da tecnoloxía dixital precisaría de equipos específicos para o deseño, posiblemente cun sistema operativo distinto, e mesmo tabletas portátiles para deseñar. Ao mesmo tempo, esta dotación de equipamento debería vir acompañada do mobiliario óptimo para tal fin.
Ademais precísase unha dotación parcial de equipos para as 2 aulas informáticas completamente obsoletas e para as aulas do alumnado de 1º do Ciclo Básico de Servizos Comerciais e dos Bacharelatos.
- **Servizos dixitais educativos:** aínda dispoñendo dos servizos educativos corporativos, bótase en falta orzamento para servizos dixitais non corporativos fundamentais para a práctica docente profesional: software específico e un servidor que permita a instalación de CMS (WordPress por exemplo) necesario para actividade docente e cumprimento do currículo nos ciclos formativos que se imparten no IES.

O equipamento e infraestruturas tecnolóxicas deberían ir no camiño de termos aulas realmente dixitais das que carecemos. O proxecto “Aulas do futuro” coordinado polo INTEF, en colaboración coas comunidades autónomas, e a “Aula

Nova” promovida polo CAFI amósannos o modelo no que deberíamos ir encamiñados. Este tipo de aula implica unha organización do espazo pondo o foco no desenvolvemento de habilidades máis alá da adquisición de contidos. Deste xeito, preséntase un espazo de aprendizaxe dividido en seis zonas: Investiga, Explora, Interactúa, Desenvolve, Crea e Presenta, que ten como finalidade favorecer e estimular os procesos de ensino e aprendizaxe. Cada zona incluíría mobiliario e medios tecnolóxicos específicos: encerados dixitais, pantallas táctiles, dispositivos móbiles variados, cámaras de gravación 360º, Gafas VR, mobiliario escolar específico con facilidades de conexión, materiais para facilitar a investigación e o pensamento computacional, un pequeno estudo de gravación e un recuncho tradicional de traballo.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos virá determinado por dous contextos de avaliación:

- A **avaliación procesual** realizarase como mínimo unha vez por trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A **avaliación final** realizarase como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora para o seguinte curso.

5. Difusión do plan

Coa finalidade de que o Plan Dixital chegue a toda a comunidade educativa será enviado a todo o profesorado por correo electrónico e presentado no Claustro. As familias serán informadas a través da representación no Consello Escolar e da ANPA.

Finalmente estará a disposición de calquera membro da comunidade no centro educativo e na propia páxina web do centro.